

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos, así como os exentos e non exentos do exercicio de lingua galega, no concurso-oposición para o ingreso nas categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018.*

Mediante a Resolución desta dirección xeral, do 1 de marzo de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 51, do 13 de marzo), convocouse concurso-oposición para o ingreso nas categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade coa base sexta da resolución de convocatoria, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Declarar, con carácter provisional, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como os/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega, no concurso-oposición para o ingreso nas categorías de grupo técnico da función administrativa e grupo de xestión da función administrativa convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018.

Segundo. As listas coa relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación do motivo de exclusión, e os/as declarados/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega, poderanse examinar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Terceiro. As persoas aspirantes excluídas e as declaradas non exentas da realización do exercicio de galego disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión e/ou a declaración de non



exento/a da realización de tal exercicio, mediante escrito dirixido á mesma unidade de validación á cal se dirixiu a instancia de participación, que se deberá presentar nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos dispoñibles do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente solicitude de participación no proceso, non consten como admitidas nin excluídas na relación publicada.

Cuarto. A estimación ou desestimación das solicitudes de emenda entenderase implícita na resolución pola cal se aprobe, con carácter definitivo, a relación de admitidos/as e excluídos/as e de exentos/as e non exentos/as do exercicio acreditativo do coñecemento da lingua galega, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

